

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [15/06/2023]

Parte A:

Terá por obxecto a demostración dos coñecementos específicos da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía.

Non terá carácter eliminatorio.

Consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema, elixido entre os 5 obtidos por sorteo a partir do temario oficial da especialidade.

O tempo para a súa realización será de 2 horas como máximo.

Para a súa valoración teranse en conta os seguintes criterios:

Contido do tema:

1. Conformidade cos obxectivos do tema.
2. Amplitude e profundidade dos contidos.
3. Completitude (que estean presentes todas as partes relevantes nas que se subdivide o tema).
4. Equilibrio entre as distintas partes.
5. Realización de debuxos e/ou esquemas aclaratorios relacionados co tema.
6. Relación con outros contidos do temario e/ou ensinanzas de aprendizaxe.
7. Actualidade dos contidos, sobre todo naquelas áreas que experimentaron unha renovación importante nos últimos anos.
8. Contexto do tema en Galicia (cando proceda).

Aspectos procedementais ou de estilo:

1. Desenvolvemento e exposición das ideas seguindo un guión lóxico e coherente.
2. Ordenación e estruturación dos contidos expostos.
3. Claridade na exposición do tema.
4. Emprego de terminoloxía científica axeitada, evitando vaguedades e termos non propios da especialidade ou de pouco rigor científico.
5. Uso de referencias bibliográficas ou de autoras ou autores científicos.

## Parte B:

Terá por obxecto a comprobación da aptitude pedagóxica da persoa aspirante así como o seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

Consistirá na preparación e exposición oral ante o tribunal dunha unidade didáctica cuxo contido e nivel educativo será elixido pola persoa aspirante e que estará relacionado coa especialidade pola que se opta e referida a un curso escolar en concreto, elixido tamén pola persoa aspirante.

O tempo para a súa realización será de 30 minutos como máximo, seguidos de 15 minutos como máximo de debate co tribunal. Non terá carácter eliminatorio.

A valoración desta parte será levada a cabo polos tribunais seguindo a rúbrica publicada no Anexo VII da Orde do 5 de decembro de 2022.

A cualificación da parte A e da parte B da proba será de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

A nota final da fase de oposición terá unha puntuación comprendida entre cero e dez puntos, sendo necesario ter obtido un mínimo de cinco puntos en total para poder acceder á fase de concurso.

TRIBUNAL 1